

ABE RÁBADE

MESTRE PIANO-JAZZ

Historial Académico

Licenciouse Cum Laude en Jazz Composition e Piano Performance por Berklee College of Music (Boston, EEUU) en 1999.

Experiencia

Dirixe o seu trío de jazz acústico desde 1996, formado na actualidade por Pablo Martín Caminero ao contrabaixo e Bruno Pedroso na batería.

Editou diferentes álbumes como líder: **Babel de Sons** (2001), **Simetrías** (2002) **GHU! Project vol.1** (2004), **Playing on Light -7 sounding photos-** (2006), **Open Doors** (2008), **Piano Solo** (2009), **Zigurat** (2010), **A Modo** (2012), **Versions** (2013), **Tránsitos** (2015), **Once** (2016), **Doravante** (2018).

É autor dunhas 200 composicións orixinais, a meirande parte delas de carácter jazzístico, pero tamén de música experimental, tradicional galega, flamenca ou clásica. Como compositor para gran formato estrea as seguintes obras: **Paseo dos Gafos** (2014) -para Banda Sinfónica-. Estreada pola **Banda de Pontevedra** (dirixida por Juan Lois Diéguez) no Teatro Principal de Pontevedra; **Tránsitos** (2015), -para Trío de Jazz e Orquestra Sinfónica-. Estreada pola Real Filharmonía de Galicia (dirixida por Paul Daniel) no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela); **Tempos Velados** (2017), -para Piano, Coro de niños, Coro mixto e Orquestra Sinfónica-. Estreada pola Real Filharmonía de Galicia (dirixida por Paul Daniel) no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela).

Dirixiu artisticamente tres producións poético-musicais: **Rosalía 21** en 2008 (encomenda do poeta Anxo Angueira); **Composicións orixinais**- para recitado, voz e cuarteto de Jazz- a partir de poemas de Rosalía de Castro. O espectáculo foi estreado na Feira do Libro de La Habana (Cuba) en 2008; **Travessia dos Poetas** en 2010 (para a cantante portuguesa Joana Machado); **Composicións orixinais** - para voz, piano trío e grupo de ventos- a partir de textos dos grandes poetas portugueses Fernando Pessoa, Nuno Júdice, Sophia de Mello Breyner, Herberto Helder e Ruy Belo; **Lorca Namorado** en 2019; **Composicións orixinais** -para 5 voces masculinas e grupo híbrido de jazz, tradicional galego e flamenco- a partir dos Seis Poemas Gallegos de Federico García Lorca.

Formou o grupo **Nordestin@s** en 2006 xunto a **Guadi Galego** e **Uxía Pedreira**. Desde 2001 é co-director artístico (xunto a **Paco Charlín**) do **Seminario Permanente de Jazz**, na cidade de Pontevedra.

Forma parte do corpo docente da **ESMAE** (Porto, Portugal) desde 2009.



Abe Rábade

Tocou na meirande parte de festivais de jazz do estado español e ofreceu concertos nos Estados Unidos, Francia, Alemaña, Suíza, Finlandia, Portugal, Marrocos, Cuba, Brasil, Chile, O Salvador, Costa Rica, Guatemala, México e China.

Recibiu diferentes premios: **Premio Martín Códax** na Categoría de Jazz e Músicas Improvisadas (Premios Galegos da Música) en 2013; **Premio UFI ao Mellor Disco de Jazz** -"Zigurat" en 2011; **Premio Cunca das Artes** na especialidade de Música; **1º premio de Música Galega "La Opinión"** na VI Edición - "Nordestin@s" en 2007; **Premio Tete Montoliú ao Pianista Revelación** en España, concedido por SGAE en 2001; **2º Premio no Concurso Internacional de Grupos de Jazz de Getxo (Euskadi)** -Abe Rábade Trío en 2000; **Claire Fischer Award** de Berklee College of Music en 1999; **Piano Performance Award** de Berklee College of Music en 1999; **Liberace Foundation Award** de Berklee College of Music en 1997.